

TEMA 4. AVALIACIÓN EN AULA INVERTIDA

Como remate a esta formación imos abordar o tema da avaliación dunha formación na que se empregou como canle transmisora fundamental de coñecementos o modelo da aula invertida. Durante o segundo tema, no que estruturabamos a organización para unha docencia con aula invertida falabamos tanto de avaliación do alumnado como de auto-avaliación do docente, a primeira cos fins que todas e todos coñecemos e a segunda, non menos necesaria, para tratar de mellorar e axustar os contidos audiovisuais e actividades ligadas a eles cos que impartimos as nosas sesións.

Xa que unha das principais razóns que fundamentan o emprego deste modelo invertido é dispoñer de máis tempo nas nosas sesión da aula convencional no centro o axeitado é que dediquemos este tempo extra do que agora dispoñemos a realizar actividades especialmente axustadas aos contidos que conformaron as nosas pezas audiovisuais. Estas actividades son as que propoñemos tamén que sirvan como ferramenta fundamental de avaliación.

Na medida do posible, a nosa tarefa no desenvolvemento das actividades será a de supervisar, guiar e apoiar o proceso de aprendizaxe do alumnado. Dentro deste alumnado haberá diversos niveis de comprensión e coñecemento despois de rematar o traballo de aula invertida fora da clase polo que debemos realizar unha breve avaliación previa ao traballo na aula para saber como estruturalo. Xa falamos deste punto no tema 2.

Unha vez que o docente coñece o nivel de coñecemento acadado tras o traballo de visionado e actividades na casa podemos comezar cas actividades que nos servirán para despois avaliar. Estas actividades poden ser tanto individuais como en grupo.

As actividades individuais debemos entendelas como unha introdución ou preparación as vindeiras actividades en grupo e gran grupo xa que unha das bases pedagóxicas da aula invertida e traballar en grupos na aula para fomentar elementos como o debate, a interacción, a investigación, etc.

ACTIVIDADES INDIVIDUAIS

Actividade de enquisa rápida (5-10 minutos)

Empregaremos este método para coñecer dun xeito rápido que alumnos e alumnas traballaron co material fora da aula e que nivel de coñecemento e comprensión temos na aula. Para isto elaboraremos preguntas de resposta múltiple que preguntaremos ao alumnado ca nosa propia voz e amosarémolas no taboleiro dixital. Serán preguntas breves e concisas co fin de que as respostas tamén o sexan.

Para axilizar ao máximo o proceso de avaliación realizaremos unha serie de tarxetas en función do número de respostas de escolla múltiple e poderán estar codificadas con letras para as respostas (A, B, C, etc) ou con diferentes cores, un para cada resposta. Ao levantar cada alumno a súa tarxeta teremos no momento unha resposta rápida e concisa.




Mapas Conceptuais e redes de palabras (30 minutos)

Ambos conceptos son moi semellantes polo que imos tratalos de xeito conxunto. Aínda que aquí as agrupemos nas actividades individuais poden realizarse igualmente de xeito conxunto e servirán para reforzar os conceptos aprendidos e construír conexións entre varios temas.

Dependendo do nivel e de como queiramos traballalos proporcionarlles nós un modelo de mapa ou rede para que completen ou deixaremos ao seu parecer o deseño do mesmo. No caso de quedar espazos en branco aproveitaremos estes fomentar posteriormente o debate na aula.



Rede de palabras sinxela



Mapa conceptual complexo

Solución individual de problemas (5-10 minutos)

A resolución individual de problemas en aula permite ao alumnado afrontar tarefas que doutro xeito non podería facelo. Podemos empregar estes problemas para corrixilos en actividade de grupo máis tarde e así reducir o tempo de espera para a súa corrección, resolvendo así posibles faltas de comprensión.

ACTIVIDADES DE GRUPO

Como dicíamos, a realización de actividades de grupo é un dos obxectivos fundamentais de empregar este modelo educativo xa que cada alumno trae consigo a súa propia comprensión do material e conxuntamente en pequenos grupos forxarán novos aprendizaxes de xeito colectivo.

Pensamento Compartido en parella (5-15 minutos. 2 alumnos)

- Escollemos un concepto do material de aula invertida
- FASE DE PENSAMENTO: os alumnos traballan individualmente e escriben as súas reflexións sobre o concepto escollido
- FASE DE PARELLA: cada alumno discute sobre o pensado ca súa parella
- FASE DE COMPARTIR: o docente recoller as reflexións dos alumnos e fomenta o debate en gran grupo para mostrar así as diferentes perspectivas

Resolución de problemas en parella ou grupo (30 minutos. 2 ou máis alumnos)

- Amosarlle o alumnado unha serie de problemas complexos que requiren múltiples pasos para ser resoltos
- Emparellas ou agrupar os alumnos e alumnas de xeito que un sexa o que resolverá o problema explicando o proceso que levou a cabo para atopar unha solución baseándose no aprendido fora da aula
- A parella ou o resto do grupo escoitan o proceso e ofrecen consellos se existiran dificultades, confusión, etc
- Cando o primeiro problema estea resolto cambiamos o roles e comezamos de novo

Tarxetas de avaliación inmediata (5-10 minutos)

Xa falamos desta técnica ao comezo deste tema como medio de avaliación inicial pero tamén pode ser empregada como actividade central dunha sesión e melloralas para establecer diferentes grupos segundo o resultado.

- Ofrece ao alumnado a capacidade de ter unha retro-alimentación rápida baseada

nas súas respostas así como tamén ofrece oportunidades para traballar de xeito colaborativo.

- Comezaremos co alumnado respondendo a unha lista de preguntas individuais empregando as tarxetas
- Posteriormente agruparemos o alumnado para consensuar respostas cunha soa tarxeta
- Se a resposta é incorrecta o grupo ten que volver a debater sobre o contido e responder de novo

Estudo de casos (1 hora. 3-6 alumnos)

- O alumnado aborda un caso referente a un problema específico da vida real
- Aplica o aprendido no material de aula invertida
- O grupo debate sobre como abordar este problema e que solucións aporta.
- Cada grupo pode presentar o resto da aula a súa solución

Round robin (5-15 minutos. 4-6 alumnos)

- É un xeito de realizar “brainstorming” ou treboada de ideas en grupos pequenos
- Cada alumno pode dicir unha palabra ou frase referente a un concepto ou tema en orde
- Tomarase lista das palabras e frases ditas
- Todos os participante teñen que dicir participar en cada ronda
- Cada grupo elabora unha segunda lista resumindo os conceptos que saíron na ronda antes de seguir con actividades máis profundas.

Entrevista en tres pasos (15-30 minutos. 2 alumnos inicialmente, despois 4)

- O alumnado agrúpase en parellas inicialmente e cada un da parella dispón de varios minutos para entrevistar ao outro membro sobre o material traballado na casa. Cada un elabora un resumo das respostas que lle deu o seu compañeiro.
- Seguidamente combínanse parellas para compartir estes resultados e debatelos.

AUTOAVALIACIÓN DOCENTE

Como xa dixemos varias veces durante esta formación é fundamental unha auto-avaliación docente cando traballamos con aula invertida xa que non temos un acceso directo ao alumnado cando está traballando co noso material. Para isto podemos elaborar unha sinxela folla de logros a encher por nos mesmos ca información que obtemos na aula. Algunha desta información estará baseada en observación directa durante o desenvolvemento da sesión convencional e outra pode provir da avaliación que nós realicemos co método empregado de xeito habitual por nós.

LOGRO	SI	NON	1 - 10
O alumnado responde positivamente a entrega dun novo vídeo			
O alumnado traballou na casa co vídeo			
O alumnado parece comprender os contidos do vídeo			
O alumnado formula preguntas referidas aos contidos do vídeo			
O alumnado traballa positivamente en grupo despois do vídeo			
Empreguei os medios máis axeitados na elaboración do vídeo			
A duración do vídeo era a axeita			
As familias implicáanse no traballo co vídeo na casa			